




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Vilagarcía de Arousa. Parroquias: Santiago do Carril. Extensión: 0,71km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Conxunto insular formado por unha serie de relevos residuais que quedaron emerxidos tras as últimas flutuacións mariñas. Costa baixa con chaira intermareal, sobre todo na metade oriental da illa de Cortegada, e microacantilados rochosos con depósitos sedimentarios areosos a modo de pequenas praias visibles en gran parte do perímetro costeiro. A vertente da illa maior presenta un relevo aplanado ou lixeiramente ondulado que culmina en pequenas elevacións que non chegan a alcanzar os 20m snm.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

As illas que compoñen esta unidade presentan unha alternancia entre rochas graníticas hercínicas do tipo dos granitoides migmatíticos, e os xistos e paragneises do Precámbrico-Silúrico, que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas coñecidas como Grupo de Laxe, sendo estas últimas as dominantes. O Cuaternario non ten unha manifestación relevante na área.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Húmido: temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C.

OS SOLOS

Dominio dos solos pouco evolucionados tipo regosol en toda a unidade insular que no caso das Malveiras aínda son máis pobres e esqueléticos do tipo leptosol lítico.

AS AUGAS

A rede de drenaxe destas illas, rodeadas polas Augas de Transición de Arousa (20476), límitase á existencia de pequenas valgadas perforadas por arrosos temporais na costa acantilada.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade insular de variados hábitats incluída no Parque Nacional das Illas Atlánticas. Notable importancia dos hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais someiros, que unen as illas co continente, ao que hai que sumar o hábitat 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. Trátase de illas con curiosas formacións. Aparecen sectores de carballeiras (9230, Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica) e soutos (9260, Bosques de Castanea sativa), ademais de piñeirais e, o que é máis un bosque de loureiros relicto de climas tropicais do Terciario. Ademais, existen áreas con hidromorfía que inclúen o hábitat 91E0, Bosques aluviais de Alnus glutinosa. Tampouco se pode obviar a existencia de cantís baixos, 1230, cantís mariños atlánticos, nin de pequenas áreas de matogueira costeira asimilables ao hábitat 4040, breixeiros secos atlánticos costeiros de Erica vagans.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A illa de Cortegada caracterízase pola presenza dunha densa masa vexetal entre a que destaca un imponente bosque de loureiro. Rodeando ao bosque aparece unha carballeira e unha masa de pinus pinaster co que a illa se mostra completamente cuberta de árbores. Pola súa banda, os ilotes das Malveiras están cubertos de formacións vexetais costeiras, principalmente de porte herbáceo e rodeadas dun pequeno espazo rochoso que as comunica co fondo areoso-lamacentos que rodea a todo o arquipélago.

MORFOLOXÍA

A estrutura das coberturas responde a criterios naturais posto que trala introdución destas especies na illa, a súa evolución e distribución débese a variables ambientais.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Na illa de Cortegada existe unha rede de carreiros que permite percorrer a súa periferia ou visitar o fantástico bosque de loureiro que alberga no seu interior.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Até principios do século XX a illa de Cortegada contou cunha poboación estable de colonos que cultivaban as súas propias terras e do que tan só permanecen hoxe en día os restos dalgúns casas. Na parte occidental da illa existen aínda os restos dun casarío de finais do XIX ao redor do cal aparecen restos de cuadras e un pozo. A construción máis destacada é a antiga igrexa monasterial do Priorado de Cortegada do que quedan tamén algúns restos protexidos por un cruceiro de bela factura. Tamén se conservan os restos dun hospital construído en 1652 que funcionou posteriormente como lazareto. Tamén destacar a presenza do cruceiro de nas rochas na zona norte da illa e o curceiro no ilote de Malveira ao sur.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A organización das especies vexetais responde a criterios ecolóxicos. O interior da illa de Cortegada está ocupado polo bosque de laurisilva. Tras el os carballos e na costa os piñeiros, mellor adaptados aos solos areosos e a maior concentración de sal.

DINÁMICA DA PAISAXE

O elemento fundamental na evolución da paisaxe é o abandono das actividades agrarias que se realizaban en Cortegada permitindo, deste xeito, a colonización destes terreos por parte do bosque. Na actualidade xa non quedan restos do antigo parcelario nin das vivendas que, en tempos, ocuparon a fachada sur da Illa.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os visitantes que se acheguen a este punto descubrirán un enclave único e de gran valor ecolóxico. As particularidades florísticas da illa, unidas ao seu relativo illamento valeron a súa inclusión dentro do Parque Nacional das Illas Atlánticas, ademais de estar recolleito no catálogo Rede Natura 2000.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de recalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



